Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O marqués aollador

Chámanse aolladores aos que coa ollada, consciente ou inconscientemente, a mantenta ou sen querer, causan o mal de ollo coa mirada a persoas e animais. Teñen moita forza na vista, tanta que poden chegar a matar e para evitalo usan lentes con cristais dobres e escuros. Quen menos sospeitemos pode ser aollador,

Dise dun marqués de Bóveda que aló polo século XIX tiña eses poderes na vista e que por esa razón andaba sempre, verán e inverno, con lentes de sol.

Cóntase que unha vez que pasaban por diante do seu pazo uns campesiños cun par de bois camiño da feira de Rubián, díxolle a un servente que se quitaba os lentes eran quen de matar aqueles bois.

Como o criado non daba creto a tal fachenda, o marqués quitou os lentes, mirou para os bois e caeron fulminados de contado.

Os animais mortos e o dono arruinado.

Información extraída do blog web *Piño* [piño.com].

BIBLIOGRAFÍA

CUBA, Xoán R., MIRANDA, Xosé e REIGOSA, Antonio (1999): Diccionario dos seres míticos galegos[Aollador], Xerais, Vigo.

REIGOSA, Antonio (2022): Lugo de lenda. Ed. Embora, Ferrol.